

Isidro Novo | Escritor

“A palabra normalización está obsoleta, agora só temos o SOS”

O autor lucense vén de publicar con Trifolium 'Cabalos do demo e outros invertebrados'

ENTREVISTA

ALBERTO RAMOS
GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com



Isidro Novo (Lugo, 1951) vén de publicar o seu último libro: *Cabalos do demo e outros invertebrados*. Editado por Trifolium para abrir a súa colección *Litterne*, o libro trátase dun conxunto de cinco relatos que Novo escribiu para diversas conmemoracións e tamén para publicar en distintos xornais. *Cabalos do demo*, o primeiro relato e o que marca o título, foi galardoado en 1995 co Premio Murguía. Nese relato, o máis extenso dos cinco, Isidro Novo recupera as súas lembranzas de adolescencia nun Viveiro que segue a gardar na memoria con moito agardamento. Este autor, ademais, está dedicado dende hai máis de dous anos na recuperación de termos esquecidos e está a elaborar un glosario no seo da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) baixo o título *Palabras con memoria*.

Por que Isidro Novo decide reunir estes cinco relatos agora?

É unha compilación de relatos espallados en distintas publicacións. O primeiro, o que case lle impón o nome ao libro, é *Cabalos do demo*, que foi en 1995 o gañador do Premio Murguía. Hai outro relato, *O voyeur e a dama intanxíbel*, que conmemora o décimo aniversario dese galardón. Despois hai dous relatos que foron publicados en periódicos. *Unha asombrosa sombra*, que foi escrito para o Xacobeo de 1993, no que eu facía o percorrido inglés. O último é un microrrelato, que escribira para outro xornal no que un escritor facía o seu traballo e un pintor facía a ilustración. Chámase *Vostede siga ben, señor fiscal*. O espírito do libro reúne relatos diferentes e de distintos formatos e tamaños. O primeiro é moi longo e o último é micro. Todos teñen a diferenza de continente e de contido. Quixen saír dos modelos académicos tan marcados. Pareceume axeitado romper con eses criterios e estou satisfeito co resultado.

Hai unha tendencia a pensar que o relato non é realmente unha literatura máis fácil...



Isidro Novo, antes de presentar o seu libro en Santiago

O DACOSTA

Os que critican a narrativa breve é porque non saben facela. Quen a escribe ben —como Cortázar, Augusto Monterroso ou Borges— non diría iso. Eles cultivábana e agora poucos escritores teñen a súa categoría. Hai moito novelista que se defende moi mal no relato; hai bos novelistas que se perden no relato porque é como unha carreira de cen metros e hai que saber gañala. Tampouco me quero esquecer de Rafael Dieste, de Anxel Fole e mesmo Álvaro Cunqueiro. Todos eles escribiron narrativa breve.

Descóidase, dende as editoriais, o xénero breve a favor das novelas?

A novela está moi de moda e está moi protexida polas editoriais porque son

“Hai bos novelistas que se perden no relato porque é unha carreira de cen metros”

moito máis negocio para as editoriais. Pero a nosa tradición está máis no relato e na poesía; a novela está supervalorada en canto que ten o apoio editorial. Coa poesía e o relato pasa todo o contrario.

De todos xeitos, a poesía é a gran marxinalizada, non?

Eu coido que a poesía había que fomentala dende escola. Cando ía a escola, en pleno franquismo, líanme poesía —en castelán, lóxicamente— e así comezabas a amar a poesía. Ti ves hoxe un rapaz e a poesía párecelle un aburrimiento. Non o miamou e chega un momento en que todo lle parece estranho. Se dende nenos se fomentase a poesía, habería máis lectores e entón podería ser un negocio. E, como sería un negocio, ás editoriais lles importaría máis editar poesía e habería tamén máis premios literarios de poesía, sería un xénero á altura da narrativa longa.

Na AELG leva a sección de *Palabras con memoria*, que trata de recuperar os termos que non se recollen nos dicionarios. Hai unha gran riqueza léxica a piques de se perder?

É unha sección que lle propuxen a Cesáreo Sánchez hai dous anos ou dous anos e pico. Queríamos recoller palabras que non están recollidas. A nós chégannos propostas de palabras, comprobamos que non están reflectidas nos manuais e incluímoslas nun glosario na web da AELG. Poñemos o nome da fonte, onde se escoita e o seu significado. Xa superamos as 1.020 palabras. Se recollamos as palabras será difícil perdelas. Se non se recollen, moitas se perderán porque quen as emprega están a desaparecer. As novas xeracións, urbanizadas e invadidas polo castelán, xa non as usa.

Pode chegar un momento en que palabras como *normalización* se acaben introducindo en *Palabras con memoria*?

A palabra *normalización* está en desuso. É unha palabra obsoleta, xa non se usa para nada. Agora só temos a palabra SOS, a ver si podemos salvar a lingua e dende logo se este goberno segue gobernando terémolo moi cru para que a lingua permaneza. A lingua vai sufrir moito cos gobernantes que teñen dentro o autoodio. Aspiran a ser madrileños de rexional preferente. Pero tamén hai que botarlle a culpa a impasibilidade da xente que lle quitan o seu e se deixa ir. A culpa non é só do goberno, senón tamén desa actitude da xente. ■